



EXCMO. CONCELLO
DA
ESTRADA
(PONTEVEDRA)

---Documento: **ADXUDICACIÓN PROVISIONAL POR ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 23 DE NOVEMBRO DE 2009.**

---Contrato: **OBRAS DE "RECUBREMENTOS RODADURA ACCESOS NÚCLEOS SAN PEDRO DE ANCORADOS E OUTROS".**

---Data de inicio da publicación deste documento no perfil do contratante: **26 DE NOVEMBRO DE 2009**

Vista a proposta da Alcaldía-Presidencia relativa á adxudicación provisional do contrato de obras de "Recubrementos rodadura accesos núcleos San Pedro de Acorados e outros".

Visto o expediente tramitado, de contratación das obras "Recubrementos rodadura accesos núcleos San Pedro de Acorados e outros".

Visto que dentro do prazo, so presentou solicitude de participación Transportes y Maquinaria C.P., S.L.

Vista a documentación administrativa aportada polo licitador.

Vista a oferta realizada polo licitador.

Visto o informe da Intervención municipal de data 23-11-09.

Vista a competencia da Xunta de Goberno Local, segundo o sinalado na Disposición Adicional Segunda, punto 1, da Lei 30/2007, e Decreto de delegación de 21-06-07.

Tendo en conta que, tras requirimento da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, redactouse con data de 2 de novembro de 2009 polo Arquitecto Técnico Municipal un anexo ao Proxecto referido basicamente ás especificacións no xeito de levar a cabo as actuacións no entorno dun cruceiro.

A Xunta de Goberno Local adopta, por unanimidade, os seguintes Acordos:

1º.- Adxudicar provisionalmente o contrato de obras de "RECUBREMENTOS RODADURA ACCESOS NÚCLEOS SAN PEDRO DE ANCORADOS E OUTROS", por importe de 191.599,50 euros, a TRANSPORTES Y MAQUINARIA C.P., S.L., con arranxo aos Pregos e á súa oferta. O contratista, na execución do contrato e, sen alteración algunha do importe, deberá ter en conta as especificacións recollidas no Anexo do Proxecto. Non obstante, e debido a esta circunstancia, TRANSPORTES Y MAQUINARIA C.P., S.L. poderá renunciar á adxudicación do contrato, no prazo previsto no punto 2º do presente Acordo.

2º.- A adxudicación provisional queda condicionada, en todo caso, a que por parte do adxudicatario se aporte a seguinte documentación:

- Xustificación acreditativa de estar ao corrente das obrigacións tributarias e para coa Seguridade Social.
- Informe da Tesourería municipal de que se atopa ao corrente das súas obrigacións tributarias para co Concello.
- Certificación acreditativa de estar dado de alta no Imposto sobre Actividades Económicas, no epígrafe/s correspondentes, no ámbito municipal, provisional ou nacional.
- Xustificante de ter constituída na Tesourería do Concello a correspondente garantía definitiva en calquera das formas previstas no artigo 84 da Lei 30/2007. O importe da garantía será do 5% do importe da adxudicación, excluído o IVE.

A documentación deberá ser aportada no prazo máis breve posible e nunca máis alá de 10 días hábiles a contar dende o día seguinte á publicación da adxudicación provisional no Perfil do Contratante.

Transcorrido o devandito prazo, no seu caso, producirase a adxudicación definitiva.

3º.- Notifíquese o presente Acordo aos licitadores e publíquese a adxudicación provisional no Perfil do Contratante.

A Estrada 26 de novembro de 2009.
O ALCALDE,

Asdo. José A. Dono López.